

señora de

# señora de

## XÉNERO

Filme documental

## DURACIÓN

80 minutos

## DIRECCIÓN

Patricia Ferreira

## PRODUCCIÓN EXECUTIVA

Carmen I. Rábade

## GUIÓN

María Salgueiro  
Carmen I. Rábade  
Patricia Ferreira

## DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA

Antón Bugallo

## MÚSICA

Arturo Kress

## MONTAXE

Rita Romero

## SON

Cristina Morquillas

## ENTREVISTAS

Guadalupe Lloves

## DOCUMENTACIÓN

Josefa Fernández Arribas



# señora de

“Señora de” amosa os testemuños de varias xeracións de mulleres ás que a historia nin sequera lles permitiu soñar. O único que puideron facer foi resignarse e aceptar que naceron e medraron noutra época na que as súas voces, os seus desexos e mesmo os seus pensamentos foron silenciados.

Os testemuños recollidos en “Señora de” son variados e amosan un amplo espectro de mulleres de diferentes clases sociais e con diferentes tipos de educación. Son mulleres da cidade e do campo, do mar e do interior, que se enfrontan ás súas lembranzas e falan por primeira vez do que foi a súa vida, dunhas formas de vida que hoxe resultan intolerables na nosa sociedade occidental e desenvolvida, pero que constituían a vida das mulleres na Galicia e na España dunha historia moi recente.



# señora de

1962: un coche de liña entra na periferia de Madrid. Percorre as rúas dos arrabaldes ante a mirada atónita de María que sempre pensou que a capital sería un lugar máis fermoso. Por fin, o autobús chega ao seu destino na rúa “Isla Malaíta” do barrio de Peñagrande. Trátase dunha residencia do “Patronato de la Mujer” onde van parar mozas solteiras que sufriron a deshonra de quedaren preñadas.

Naqueles anos, o “Patronato de la Mujer” era unha Institución dependente do Ministerio de Xustiza que miraba pola saúde moral das mulleres. Era suficiente coa denuncia dun veciño dicindo que unha muller levaba unha “vida licenciosa” para que a enviaran a un reformatorio. E se se trataba dun embarazo, daquela o seu destino era a residencia madrileña.

Esta é a historia que nos conta **María**. Tiña 16 anos e estaba preñada cando atravesou as portas daquel lugar, onde pasou o seu embarazo e os primeiros meses co seu fillo, nun réxime case carcerario, acusada do crime de ser unha “pecadora”, o que a privaba do dereito a case todo. E nunca puido esquecer cada un dos detalles daquela viaxe que transformou a súa vida de nena de colexio de monxas, na dura vida dunha nai solteira, estigmatizada polo feito de selo na España franquista.

O testemuño de María inicia o percorrido pola vida dunha serie de mulleres que medraron nesas décadas. Entre todas articulan o retrato de varias xeracións que viviron a súa mocidade e a súa madurez nos anos do franquismo, cando as mulleres eran consideradas cidadás de segunda categoría.



# señora de

**Pilar**, que tivo o valor de separase de seu home cando aínda ninguén o facía, pero tivo que aceptar volver vivir baixo a tutela de seu pai para poder sobrevivir. **Segunda**, a quen lle gustaría gozar do sexo, mais confesa que ata que foi moi maior no soubo o que era un orgasmo. **Conchi**, que dende ben nova tomou a decisión de que quería ter como compañeira outra muller, pero que xamais se atreveu a vivir con ela. **Josefa**, que sempre quixo aprender a ler e tivo que o facer ela soa, xuntando as letras e deducindo o seu significado. **Valentina**, que foi comadroa e viviu ben preto o inhumano dos abortos clandestinos, **Alicia**, que viu frustrados os seus intentos para traballar en lugares onde sempre escollían un home antes ca ela. **Asunción**, que tivo que sacar adiante, ela soa, os seus fillos porque mentres unha muller adúltera podía ser condenada ao cárcere, un home podía abandonar a súa familia sen castigo ningún. **Romana**, que estudou dereito cando moi poucas mulleres o facían. Ao quedar viúva toma consciencia de que este feito cambiou radicalmente a súa vida, xa que cando as mulleres perdían o marido ficaban á mercé da familia, dos traballos precarios ou da beneficencia. **Filomena**, a quen lle gustaría ser pintora ou xornalista, mais sempre foi consciente de que non podía elixir o seu destino e hoxe en día intenta recuperar o tempo perdido escribindo os libros que sempre quixo. **Ana**, que soñou con ser actriz, ou bailarina; soñou con poder traballar man a man con outras compañeiras e compañeiros, mais cando casou soubo que, dende ese momento, todo tiña acabado para ela e que dende ese intre pasaba a ser unicamente “Señora de”.



# señora de

Son mulleres que todos coñecemos, nais e avoas, que parece que non teñen historia, mais cando se lles dá a oportunidade de a contar, relatan unha situación que á mocidade, sobre todo a moitas mulleres novas, lles parecerá imposible que sucedera hai tan pouco tempo. Son mulleres sen ningún protagonismo, nas que ninguén repara, pero que foron o alicerce, co seu traballo secreto, de todo un sistema económico desenvolvido e que nunca pagou os seus inmensos esforzos.

**Mercedes Noval**, socióloga e estudosa da Sección Feminina da Falanxe Española, achega o relato do que esta organización significou na vida das españolas. E, ao final, cobra especial sentido o testemuño de **Marucha**, que dedicou a súa vida á Sección Feminina. Traballou instruindo as mulleres, aprendendo ás campesiñas, educando as mozas, confiando ás cegas na transcendencia do seu labor e que hoxe por hoxe non pode crer que sexa certo que a súa admirada Pilar Primo de Rivera dixese cousas coma estas: *“...Las mujeres nunca descubren nada, les falta desde luego el talento creador, preservado por Dios para inteligencias varoniles, nosotras no podemos hacer más que interpretar mejor o peor lo que los hombres nos dan hecho”*. (Discurso de Pilar Primo de Rivera. Consejo del S.E.M.. Liña. 6 de febreiro de 1.943. páx, 6.)

# señora de

Desde o nacemento do proxecto que dá vida a “Señora de”, puxémonos en contacto con dona Isaura Varela, profesora da Facultade de Historia no Departamento de Historia Contemporánea e de América, fundadora do arquivo oral HISTOR-GA da Universidade de Santiago de Compostela, tamén con Carmen Blanco (escritora), Sharon Rosseman (historiadora), María Xosé Queizán (escritora) e María Teresa Gallego Méndez (profesora da UAM de Madrid) e, co obxectivo de ser o máis fieis posibles á vida das nosas protagonistas, achegámonos ás súas casas, aos seus fillos e maridos, revivimos con elas as súas ilusións pasadas, presentes e futuras.

Durante tres anos, con calma pero sen pausa, un equipo creado *ad hoc* levou a cabo un profundo traballo de investigación co obxectivo de seleccionar a aquelas persoas que máis tarde serían as protagonistas do documental. Buscábamos mulleres con perfís moi diversos; en principio aparecían rápido, pero, debido ás súas idades, moitas delas tiñan dificultade para facerse comprender e, outras veces, os seus fillos non as deixaban intervir.

Partiuse dunha preselección dun total de 300 mulleres de Galicia e León. Elaboráronse diversas enquisas baseadas en perfís sociais, profesionais e persoais. Cada unha das mulleres tiña que ter entre 60 e 80 anos. Finalmente, de todas elas, quedaron elixidas trece mulleres, cinco pertencentes ao ámbito rural e as outras oito restantes ao ámbito urbano, que son as que ofrecen o seu testemuño en “Señora de”.

# señora de

Patricia Ferreira é directora e guionista de cine e televisión, medio no que desenvolveu unha ampla carreira como realizadora, directora e guionista de diferentes series e programas. Imparte tamén clases de dirección de actores na Escola de Cine da Comunidade de Madrid (ECAM) e noutros centros.

Entre os traballos realizados por Patricia Ferreira en cine destacan a longametraxe *Para que no me olvides* (2005), seleccionada no Festival de Berlín (2005) e no Festival de Mar de Prata (2005). Entre outros premios, gañou con este filme, o Premio do Público nos festivais de Toulouse e Marsella. *Para que no me olvides* recibiu tres nominacións aos Premios Goya.

En 2003 realizou *El secreto mejor guardado*, episodio da longametraxe colectiva *En el mundo a cada rato*.

No ano 2001 estreou a longametraxe de ficción *El alquimista impaciente*, pola que recibiu o Premio do Círculo de Escritores Cinematográficos ao Mellor Guión Adaptado e o Premio Olid á Mellor Directora Española do 2002. Foi candidata por este filme a varios Premios Goya.

En 1999 dirixiu a longametraxe de ficción *Sé quien eres*, que recibiu o Goya do ano 2000 á Mellor Música, e polo que foi nomeada Mellor Nova Directora, categoría na que recibiu varios premios noutros festivais.

No campo televisivo traballou en todos os formatos, en especial no documental, realizando series como *Todo el mundo es música*, *Paraísos cercanos*, *Un país en la mochila* ou a serie de TV *El Paraíso*.



# señora de

**Asunción Fernández Pico** (Pino-Cospeito. Lugo)

**Josefa González Rey** (Neda-Ferrol. A Coruña)

**Carmen Osuña Castelló** (Santiago de Compostela)

**Filomena Fraga Rey** (Calo. A Coruña)

**Concepción Gómez Rocha** (Vigo)

**Romana San Luis** (Vigo)

**M<sup>a</sup> del Pilar Pets Failde** (Piñor. Ourense)

**Segunda Portabales Pombal** (Vigo)

**Ana María Blanco Gómez** (Porto de Son. A Coruña)

**Alicia García Gagino** (Betanzos. A Coruña)

**María García Álvarez** (León)

**Valentina Riesco Clemente** (León)

**Mercedes Noval** (Socióloga)

# señora de

PRODUCIDO POR

***O Raio Verde***  
***Medios Dixitais S.L.***

COPRODUCIDO POR



SUBVENCIONADO POR



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO**



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE CULTURA

